



**salesianos**  
A CORUÑA

*CPR plurilingüe salesiano*  
**San Juan Bosco**



**salesianos**  
CORUÑA

**Club Deportivo**

## COMUNICADO CONXUNTO – CONVOCATORIA DE REUNIÓN

Benqueridas familias das extraescolares deportivas do Colexio:

Como ben sabedes, dende o pasado curso 2024-2025 o noso colexio, o CPR Plurilingüe Salesiano San Juan Bosco de A Coruña e o noso novo Club Deportivo, Club Salesianos Coruña, colaboramos para levar a cabo as actividades extraescolares deportivas (este ano Fútbol Sala, Baloncesto e Judo, ademais do Xadrez, que continúa a estar xestionado pola mesma persoa que ata agora, pero dando aos nenos/as a posibilidade de federarse neste deporte baixo o paraugas do noso Club).

Seguro que son moitas as dúbidas que vos xorden, especialmente aos novos, e tamén nós queremos que nos poñades cara e que podamos compartir unha reunión informativa, que terá lugar o vindeiro martes 30 de setembro (véspera do inicio das actividades), ás 18.30h, no teatro do noso Colexio.

O obxectivo da reunión é presentar:

- ✓ a evolución do Club, algunhas actividades desenvoltas ata agora e algunhas próximas;
- ✓ a Xunta Directiva que está detrás de todo (aínda que seguramente non todos poderán estar presentes);
- ✓ o proceso para a adquisición das equipacións, que a meirande parte xa tedes;
- ✓ o equipo de adestradores (aínda que seguramente non todos poderán estar presentes);
- ✓ e o proceso de federación nas distintas modalidades deportivas.

Por suposto, tamén estaremos á vosa disposición para responder a aquelas preguntas que teñades.

Agradecidos pola confianza que depositades en nós, saudámosvos atentamente,



O Equipo Directivo do Colexio



A Xunta Directiva do Club